

Unha cidade en transformación

INFORME



As grandes infraestruturas avanza

A ENTREVISTA



Mar Martín García
"O traballo en rede é a nosa teima"



Mari Carmen Pérez Doval
"As relacións co Concello son fluídas, pero tes que estar sempre reivindicando"



Isabel Presas Iglesias
"Os maiores necesitan mellor transporte"



II Festa do Solsticio
Música, maxia e sardiñada



A Feira Medieval deixou ganas de máis

TRATA MENTO ANTI STRESS



MÁIS FUTURO
MÁIS CALIDADE DE VIDA

TUSSA





Xosé A. Sánchez Bugallo
Alcalde de Santiago de Compostela

Pasos decisivos

Coa chegada do outono entramos na recta final do ano que vai ser tamén o tramo de conclusión dos pasos decisivos, que vimos dando para a modernización e reforma de ámbitos urbanos da nosa cidade, que agardaban por esas melloras. Un proceso de obras en superficie que xeran molestias tanto aos veciños como aos empresarios, que teñen abertos os seus negocios nas rúas nas que é necesario acometer as transformacións. Pero teño a certeza de que as molestias de hoxe son calidade de vida para o futuro inmediato, da que serán os beneficiarios principais eses cidadáns que hoxe, exemplarmente, as aceptan e soportan.

Por fortuna Santiago de Compostela é unha cidade viva e dinámica, o que define a súa permanente transformación e crecemento ordenado. O ano 2010, en plena crise económica internacional, segue sendo para Compostela un tempo de avances. Grazas aos programas do Goberno do Estado, dos acordos coa Xunta e da planificación municipal, aos que debemos engadir a celebración do Ano Santo, seguimos construíndo futuro. Obras de infraestruturas tan importantes como o túnel da avenida do Hórreo, o novo aeroporto ou a liña do AVE, ás que seguirán a estación intermodal ou a ampliación da AP-9, manteñen o ritmo marcado.

Ao longo do ano, grazas aos Plan E e ao FEIL, acometemos a modernización de moitos espazos urbanos dotándoos de melloras en servizos, iluminación, saneamento, mobiliario, etc. Abordamos o Plan de Travesías asinado coa Xunta e continuamos coa implantación da rede de saneamento integral. Moitas obras ao mesmo tempo, escoitamos dicir, pero a oportunidade tiña marcada a hora deste momento, adialas sería non facelas. A nosa responsabilidade de gobernar aconsellounos dar estes pasos decisivos que, ademais de construír futuro, tamén axudan a saír da crise.



Das molestias
de hoxe...

...á calidade de vida de mañá



CONCELLO DE
SANTIAGO

Santiago medra,
Compostela evoluciona.



Construímos o futuro

Teléfono de atención
aos residentes

981 543 100

REPORTAXE

8



Unha cidade en transformación

ENTREVISTA

6



Mar Martín García
O traballo en rede é a nosa teima

A Casa das Asociacións, na antiga estación de ferrocarril de Comes, ten os seguintes horarios de apertura: de luns a venres, polas mañás de 9:00 a 14:00 h; de martes a venres, polas tardes de 16:30 a 21:30 h; e os sábados, de 10:00 a 14:00 e de 16:30 a 21:30 horas. Para ir ata a Casa, pódense empregar as liñas de autobús urbano 5 (Vite-Conxo/A Rocha), C2 (Estación de Autobuses-Fontiñas-Hospitais-Vite), e C4 (Estación de autobuses-Vite-Hospitais-Fontiñas).

O PICHEL, 14
Revista de Participación Cidadá

Edita:
Concello de Santiago

Redacción
X.A.P.
Ánxeles Fer
Olalla Cociña

Consello de redacción
Agustín Pena Herva
José María Juncal Míguez
Juan José Álvarez Carril
Marcial Prado Rial
María Teresa Barral Ameigeiras
Xosé Martínez Otero

Colaboran neste número
Antón da Sobreira
Agustín Pena Herva

Coordinación técnica
Miguel Vilarino Lorenzo
Manuel López Martín-Blanco

Fotografía
Margen
Arquivo Municipal

Imprenta La Ibérica

Pasos decisivos por Xosé A. Sánchez Bugallo	3
Mar Martín García: "A nosa teima é o traballo en rede"	6
Balance Plan FEIL "Unha cidade en transformación"	8
Informe: "As grandes infraestruturas avanza"	12
A Feira Medieval deixou ganas de máis	16
Veciños no Camiño	18
Asociacións do rural: 'A Xunlla' de Laraño	20
Conversa con Mari Carmen Pérez Doval, Pta. da AAVV A Xunlla de Laraño	22
Conversa con Isabel Presas Iglesias, Pta. da AAVV Porto Fornelos de Conxo	23
Asociacións urbanas: Porto Fornelos de Conxo	24
Asociacións compostelás: Foro Galego da Inmigración	26
Novas veciñais	28
Opinión: As miñas árbores, por Antón da Sobreira	33
Unha pequena xoia, tan necesaria, por Agustín Pena Herva	34

MAR MARTÍN GARCÍA

“O traballo en rede é a nosa teima”

Vén de abrir as súas portas a Casa das Asociacións de Benestar Social en Salgueiriños. Alí teñen a súa sede dezaseis asociacións sociosanitarias compostelás, dispostas a compartir dotacións e materiais con aquelas entidades que queiran acudir puntualmente a esta Casa para desenvolver o seu traballo. Falamos deste e doutros temas coa concelleira de Benestar Social e Igualdade, Mar Martín.



– **Tras os atrancos posteriores á recepción do proxecto, por fin abriu a Casa das Asociacións de Benestar Social.**

Xa tivemos as primeiras actividades e reunións coas asociacións que terán a súa sede social alí, que son unhas dezaseis. Pero hai espazo e dotacións para algunhas máis, así que se poden seguir sumando. A nosa principal teima é o traballo en rede: que compartan espazos e intercambien experiencias e programas, que convivan e interactúen.

– **E a maiores aquelas entidades que queiran realizar algunha actividade poden solicitar o uso dalgún espazo da Casa, non?**

Si, supoñemos que as grandes entidades que xa teñen sede social se-

rán as que máis se vaian acollendo a esta modalidade. Temos salas multiusos, un ximnasio, un salón de conferencias... E un espazo para un centro de día para enfermos de Alzheimer cun baixo nivel de deterioro cognitivo. Así, os enfermos están integrados e non illados, e a maiores das súas actividades poden unirse a outras... Trátase de que non haxa ningún espazo pechado, de enriquecerse coas sinerxías que se vaian creando entre as entidades.

– **Que outros servizos ofrece a Casa?**

Hai unha unidade de traballo social cunha traballadora que atende a zona norte. Tamén se sitúa alí a unidade de intervención familiar con todos os programas socioeducativos que temos en colaboración coa

UMAD. Por outra parte, pretendemos impulsar os programas de saúde e muller, envellecemento activo e prevención da dependencia.

– **Con cantas unidades de traballo social conta Santiago?**

Hai catorce, pero con traballadoras que atenden máis dunha. Os puntos de atención son Fontiñas, Conxo, a sede da Concellaría, en Galeiras, o centro sociocultural do Ensanche e agora a Casa, que vén a substituír a que había en Vite.

– **Como dis, a vosa teima é o traballo en rede. Como levades esta filosofía nos barrios?**

Estamos a organizar reunións de barrio para que os axentes sociais (veciños, parroquias, centros socioculturais, ANPAS...) teñan encontros

“Queremos poñer en valor as empresas que xa están facendo conciliación, que adaptan os horarios ás persoas”.

periódicos onde se analicen e planifiquen as súas problemáticas sociocomunitarias. Xa se comezaron a conformar os “consellos” de Conxo e Fontiñas. Asemade, puxemos en marcha a educación de rúa. Aquí entran os plans de inclusión social, que traballan coas persoas que teñen dificultades para integrarse no mercado laboral.

– **Para isto se creou a web compostelaintegra.org?**

Fixémola coa idea de que fose un punto de encontro para as entidades que se dedican á inserción sociolaboral de persoas con dificultades para encontrar traballo -por razóns sociais ou doutra indole-. O seu obxectivo é o mesmo, pero os colectivos aos que se dirixen son diferentes. Unha vez que se familiaricen coa web, a idea é que elas mesmas autoorganicen. A través dos foros créanse grupos de interese para que os programas se compartan e se poida chegar máis lonxe. Aquí entra o traballo dos bancos do tempo, que queremos que vaia máis aló do intercambio entre dúas persoas, integrando entidades sociosanitarias e colectivos que poidan estar interesados en traballar conxuntamente.

– **No eido da igualdade, vén de constituírse a Mesa de Concertación do Pacto Local pola Conciliación. É algo máis que unha declaración de intencións?**

Queremos que sexa un dos temas “estrela” da Concellaría. Plásmase nunha serie de compromisos que asinaron CCOO, UXT, USC, Asociación de Empresarios de Hostalería de Santiago e Comarca, Asociación de Empresarios do Polígono do Tambre, Cámara de Comercio, aso-

ciacións de veciños Raigame e Río Sarela. Hai que abrir o debate sobre os usos do tempo na nosa cidade, como se racionaliza. Falar do horario laboral, pois parece que non se pode discutir, que aínda é un tema tabú para empresas e sindicatos.

– **Parece evidente que os países con maior produtividade teñen outros horarios, máis flexibilidade...**

Así é. Por iso imos ver e discutir modelos, poñer en valor as novas empresas que xa están facendo conciliación, que adaptan os horarios ás persoas, aos colexios, e non ao revés. Doutra banda, e relacionado con isto, queremos planificar as actividades extraescolares de entidades que están nesta Mesa como son o propio Concello, a Universidade, a Xunta... coordinalas para sacar rendemento a recursos e traballo.

– **Algunha outra novidade na que estea a traballar a Concellaría de Igualdade?**

Estamos a confeccionar uns “itinerarios de violencia contra as mulleres”, consistentes en situar a muller que sofre violencia no centro e ver cales son os pasos que dá, a onde se dirixe (centros de saúde, Policía,

“Na Casa das Asociacións de Benestar Social traballarase sen que haxa ningún espazo pechado”.

Concello...). Desde eses primeiros contactos analizamos que intervención ten e a onde se deriva, xa que moitas veces non atopa a solución ao seu problema: para presentar unha denuncia mándana á Policía, cando tería que ir ao Colexio de Avogados e se está insegura sobre denunciar ou non vai á Policía, logo ao Colexio, cando nós temos á súa disposición unha psicóloga que a vai apoiar, e que será quen a axude a tomar unha decisión. Esta iniciativa é pioneira no Estado, e está a ter moi boa acollida por parte das unidades: queren colaborar para ter eles tamén unha documentación común de derivación que lles facilite o seu labor, para saber que fai cada parte da cadea.



Unha cidade en transformación

Por segundo ano consecutivo e grazas aos fondos estatais do Plan E, o Concello traballa arreo na consolidación de Compostela como unha cidade sostible, equilibrada e cunha calidade do contorno urbano que garanta o benestar dos seus habitantes. Para acadar ese obxectivo hai que soportar necesariamente as incómodas obras, que chegan todas a un tempo porque así o esixe a convocatoria estatal. A risco de perder eses cartos, o Goberno municipal afronta o reto, convencido de que non hai que deixar pasar a oportunidade e de que o que hoxe son tapóns, mañá serán solucións. Un total de 71 proxectos, rematados ou en curso, están configurando xa unha cidade con espazos renovados, con novos servizos, con máis áreas verdes e de lecer, con melloras na súa rede tecnolóxica e interesantes achegas no eido social.





Todos soportamos algunha vez obras na nosa casa. Ás veces pódense planear na data máis axeitada e outras, en cambio, hai que facelas de forma inminente por causa dalgunha avaría ou porque unha subvención aprema, como é o caso das obras públicas que se están a acometer en Compostela neste momento. A convocatoria de fondos estatais dio claramente. Se os cartos non se empregan dentro do ano corrente, pérdense. E isto ten sentido porque o Plan E ten como finalidade estimular a economía, reorientar o declive do sector da construción e recuperar postos de traballo, algo que en Compostela xa está a suceder.

O Plan de Travesías, en marcha dende o ano pasado, complicou aínda máis a situación, ao coincidir coas obras dos fondos estatais. O Goberno local intentou que a Xunta de Galicia, organismo responsable do Plan, as aprazase ata o ano que vén, para aliviar na medida

do posible a situación na cidade, pero a resposta foi negativa. A Xunta obrigou a executar o Plan de Travesías no tempo previsto, isto é, en paralelo ás obras do Plan E, xestionado polo Ministerio de Política Territorial. Decisión que co tempo o propio alcalde, Xosé A. Sánchez Bugallo, agradeceu ó Goberno da Xunta a súa sinceridade pois probablemente, como consecuencia dos recortes orzamentarios, para o vindeiro ano nin a Consellería de Ordenación do Territorio nin o propio Concello poderían abordar estas obras.

Co único obxectivo de conseguir para Santiago as melloras que a cidade necesita, o Goberno municipal asumiu o reto de levar a cabo todos os proxectos que as distintas administracións subvencionan durante este ano –e non máis alá– e apostou por actuacións que van permitir aos barrios de Compostela integrarse e conectarse no trazado urbano da cidade, sempre pri-

mando os elementos que facilitan a convivencia e a calidade de vida, sen perder nunca de vista os seus sinais de identidade. Con este obxectivo reurbanizáronse rúas, prazas e outros espazos públicos, creando parques e áreas recreativas, e mellorando os servizos dos nosos barrios, ademais de xerar novas infraestruturas.

As obras que se acometen nestes momentos, xunto coas que xa se remataron en 2009 e as que aínda están por comezar, están chamadas a configurar a cidade das próximas décadas. Unha oportunidade para ver como Santiago se prepara para o futuro, como Santiago se transforma.



O FEIL en 2009

O Fondo Estatal de Investimento Local, FEIL, que foi primeira entrega do Plan E, permitiu facer realidade na cidade 33 proxectos durante o ano 2009. Este primeiro paquete de axudas supuxo un investimento total en Santiago de 16.585.924 euros e contribuíu a reducir a lista do INEM coa creación de 891 postos de traballo que levaron seguridade, confianza e benestar ás familias compostelás.

A maioría dos fondos destináronse a obras de reurbanización en diversas zonas da cidade. Con este Plan completouse por exemplo o 80% do proceso de remodelación do Ensanche; aborouse un importante cambio nas rúas de García Prieto, Sánchez Freire e avenida de Vilagarcía, conexión tradicional do Ensanche con Conxo. En Fontiñas renovouse a rúa Londres seguindo o modelo da recentemente remodelada rúa Berlín.

Foi tamén importante a actuación na zona do Ensanche Vello coa reurbanización das rúas Curros Enríquez, Xeneral Pardiñas (tramo entre Montero Ríos e Carreira do Conde), Gómez Ulla, Pérez Constanti, Laverde Ruíz, Santiago de Guayaquil e Neira de Mosquera. A transformación da rúa da Raiola, do espazo da Trindade (traseira do pazo de Raxoi e a igrexa de San Froitoso) e Belvís supuxo a chegada dos beneficios do Plan ao ámbito do casco histórico.

Tamén se melloraron as beirarrúas na Pontepedriña, Meixonfrío e

As Cancelas, e urbanizouse o espazo público da rúa Olvido e o seu contorno. Ademais, remodelouse a zona norte do parque de Salgueiriños e ordenouse o núcleo de Canteira, en San Lázaro.

As redes de abastecemento e saneamento tamén foron obxecto de melloras no marco deste fondo estatal, con actuacións na Pontepedriña, Meixonfrío, A Almáciga, rueiro de Figueiriñas, avenida Rosalía de Castro e rúas Pequena, Grabanxa, Queimada e do Ceo.

En canto aos novos equipamentos, cómpre citar a creación dunha área de xogos infantís no parque de San Lázaro, o acondicionamento dunha parcela para área recreativa en Vidán, a adecuación de locais para Protección Civil no Estadio de San Lázaro e a rehabilitación e mellora do polideportivo Quiroga Palacios.

Estas actuacións tiñan que estar rematadas antes do 31 de marzo de 2010.

Novas axudas en 2010

O Plan E amplíouse este ano co Fondo Estatal para o Emprego e a Sostibilidade Local en 2010. Na nosa cidade esta segunda entrega de fondos vai deixar un investimento de 10.198.740 euros, cos que se acometerán 39 proxectos, 34 en torno a obras de mellora que van proporcionar emprego para 261 persoas e outros 5 relacionados con proxectos de gasto social que benefician a 47.644 habitantes da cidade.

Entre as obras aprobadas destacan pola cantidade e investimento as que teñen que ver con intervencións integrais nas redes de saneamento, abastecemento, alumeadado, lixo e mobilidade: rúa Arzúa (Almáciga), rúa López Ferreiro, rúa República do Salvador (tramo Xeneral Pardiñas-Hórreo) e rúa Rei Alvite. Tamén se ampliarán as redes de abastecemento de Lavacolla, A Susana, Marrozos e rúa Ulpiano Villanueva, e construírse a rede de saneamento no Refuxio de Animais.

No eido ambiental salienta a recuperación da zona verde do contorno do río Corvo así como a sinalización e supresión de barreiras do sendeiro autoguiado polos parques de Compostela. Nun deses parques, o de Galeras, construírse un espazo multifuncional cuberto para usos socioculturais e deportivos.

As novas tecnoloxías e a busca dunha mellor atención ao cidadán centran outro grupo de proxectos: implantación dun portal de contratación pública electrónica e de servizos de administración electrónica na carpeta cidadá e nas oficinas de atención do Concello. Tamén se aplicarán melloras tecnolóxicas na Casa das Asociacións da Área de Benestar Social e para o desenvolvemento dunha rede especializada de información xuvenil.

A mobilidade e o transporte son obxecto de tres iniciativas: a instalación dunha estación para a recarga de autobuses eléctricos na dársena de Xoán XXIII; a instalación de tres estacións para



bicicletas na praza de Vigo, praza Rodrigo de Padrón e avenida Xoán XXIII; e o subministro de 12 postes electrónicos de información en parada para os usuarios do transporte urbano.

En Educación, os investimentos no marco destes fondos destinaranse aos programas de escolas de verán dos colexios López Ferreiro, Fontiñas e Pío XII; a gastos correntes das escolas infantís de Conxo e Fontiñas e á adecuación e mellora dos centros Arquitecto Casas Novoa, A Sionlla, López, Ferreiro, Vite, Raíña Fabiola, Roxos-Villestro, escolas infantís de Gaioso-Eixo e Rial-Laraño, Monte dos Postes, Pío XII, Escola Infantil Bispo Teodomiro (Marrozos), Apóstolo Santiago, Fontiñas, Lamas de Abade e escolas infantís de Conxo e Fontiñas.

Os 39 proxectos complétanse coa mellora e rehabilitación do pavillón polideportivo Monte dos Postes e cun proxecto de moderni-

zación e mellora da xestión e da atención social.

Proxectos aprobados

Entre os proxectos do Fondo Estatal para o Emprego e a Sostibilidade Local aprobados ata o momento destaca polo seu importe o de construción dun centro socio-cultural no barrio de Santa Marta, que contará cunha sala independente de usos múltiples. O custo desta iniciativa ascende a 1.261.843 euros, cantidade na que se inclúe o proxecto, redacción, dirección e subministro de equipamento.

Outra actuación importante será a construción do campo de fútbol da parroquia de Santa María de Villestro, cun orzamento previsto, por todos os conceptos, 800.000 euros. Tamén en materia de deportes se aprobou a construción de pistas de tenis e pádel en Sar, por un importe de 431.340 euros.

O proxecto de renovación das redes de auga e alumado público na rúa Torreira, no Romaño, terá un custo de 350.000 euros, mentres a adecuación, rehabilitación e mellora do Local das Avoas da Pontepedriña e do centro socio-cultural suporá un investimento de 150.000 euros.

En materia de tecnoloxías, aprobouse o subministro dun sistema de axuda á explotación do transporte urbano (200.000 euros), o peche do casco histórico por un sistema de lector de matrículas (184.000 euros) e un programa de acceso á sociedade do coñecemento e da información da Casa do Asociacionismo de Cornes (57.100 euros).

Para a Policía Local, deuse o visto e prace a novos equipamentos tecnolóxicos na sala de pantallas (223.652 euros) e á renovación do alumado no cuartel, co obxectivo de reducir o consumo enerxético (45.507 euros).



R E P O R T A X E

As grandes infraestruturas avanzan

O novo Santiago empeza a tomar forma. En pouco máis de oito meses Compostela estreará en Lavacolla unha terminal aeroportuaria de vangarda. O túnel da Galuresa, que permitirá ir desde Cornes ata a avenida de Lugo sen atopar ningún semáforo, estará listo a próxima primavera. E o Plan de Travesías avanza a un ritmo imparabile, deixando ao seu paso as rúas convertidas en grandes avenidas urbanas como a de Castelao.

Na rúa do Hórreo
 haberá 8 carrís,
 4 en superficie
 e outros tantos
 no túnel.
 Estes últimos
 destinados ao
 tráfico de paso,
 e os do exterior
 para a
 comunicación
 entre o Ensanche e
 a estación do tren.

Tráfico normalizado no Hórreo

O compromiso ao que chegaran o Concello e o Ministerio de Fomento cumpriuse. Desde o sábado 24 de xullo xa hai catro carrís abertos á circulación na rúa do Hórreo.

Neste momento, os traballos céntranse no subsolo, coa extracción da terra e a construción do túnel propiamente dito. En realidade serán dous túneles, xa que os dous carrís que haberá en cada sentido discorrerán por dous *caixóns* diferentes.

Outra das novidades é que Fomento ten previsto modificar o proxecto orixinal para incluír tamén a reurbanización de toda a superficie, que se converterá nunha especie de bulevar entre a rotonda e a avenida de Lugo. Nun principio estaba previsto que en superficie só quedase un carril de circulación en cada sentido, pero un estudo sobre o tráfico que rexistra a zona revelou que é necesario manter dous carrís. É dicir, que en total serán oito, catro en superficie e outros tantos no túnel. Estes últimos destinados ao tráfico de paso, e os do exterior para a comunicación entre o Ensanche e a estación do tren.

Os cambios supoñen tamén a desaparición do semáforo situado na confluencia das avenidas de Lugo e O Hórreo, fronte á escalinata da estación. Este cruzamento solucionarase no futuro cunha gran rotonda. As previsións coas que se traballa son que o paso inferior que permitirá ir desde Cornes ata a avenida de Lugo sen atopar ningún semáforo poida inaugurarse na próxima primavera.

A macroterminal de Lavacolla a todo gas

Hai pouco máis dun ano que o ministro José Blanco puña a primeira pedra da macroterminal de Lavacolla nos terreos que viña ocupando o campo de golf do Aero Club. Nin o persoal de Aeroportos Españóis e Navegación Aérea (AENA), nin os obreiros da empresa concesionaria deron un só respiro desde entón. Mentres a actual base está a piques de romper outra vez o teito dos dous millóns de pasaxeiros, a escasos metros agroma a armazón dun complexo que marcará un novo rumbo no futuro dos ceos galegos e disparará o tope ata os catro millóns de usuarios anuais.

A estas alturas, despois de algo máis de doce meses ininterrompidos de obras, adivíñase sen demasiada dificultade a fisionomía do aeroporto en construción. Estende os seus brazos xusto nos arredores da vella terminal, entre o campo de golf e aos pés da nova torre de control. Un ano foi suficiente para executar o edificio-dique practicamente ao cen por cen, levantar dúas plantas do procesador e asentando os cimentos do aparcadoiro.

Para logralo multiplicouse o equipo humano en función das necesidades. Aínda que a primeira fase arrancaba con 180 obreiros, o inicio da segunda etapa obrigaría a incrementar o cadro de persoal a 400. Cifra que se duplicou, xa que o proxecto xera –segundo AENA– 840 empregos directos. Con quen das que en ocasións se prolongan de seis da mañá a catro da madrugada (de luns a domingo), Fomento

conseguiu adiantar a data de inauguración do verán que vén a finais do primeiro trimestre de 2011, co que faltarían pouco máis de oito meses para que Compostela estree por fin a súa terminal de vangarda.

Plan de Travesías

A pesar da incómoda coincidencia no tempo coas obras do FEIL –despois de que a Xunta con bo criterio considerase a imposibilidade orzamentaria de adialas– as obras incluídas no Plan de Travesías avanza de xeito imparable e deixan os veciños, que xa gozan de zonas reurbanizadas, francamente satisfeitos.

A reurbanización destas velhas estradas de acceso á cidade, que o crecemento da cidade incorporou pouco a pouco ao casco urbano, era unha actuación vital para a cidade que enfrontará as próximas décadas con estes accesos, transformados en grandes avenidas urbanas, preparadas para recibir a entrada e saída de miles de vehículos cada día, propiciando hábitats con maior calidade de vida.

A avenida de Castelao é o primeiro exemplo desta reurbanización. Transformada en avenida urbana, conta agora con nove pasos peonís, en zonas de visibilidade aproximadamente a cada 150 metros. En canto á circulación de vehículos, hai un segundo carril de subida no tramo final da rúa, en dirección San Caetano, que facilitará o acceso ás distintas rúas da esquerda sen entorpecer o tráfico de subida. Tamén ali-



As obras incluídas no Plan de Travesías avanza de xeito imparabile e deixan os veciños, que xa gozan de zonas reurbanizadas, francamente satisfeitos.

viará a circulación a nova rotonda no cruzamento da avenida coas rúas Gumersindo Busto Villanueva e Burgo das Nacións (xunto á Escola de Idiomas).

Outro aspecto substancialmente mellorado é o relativo ás paradas do autobús urbano, que recollía os pasaxeiros na propia calzada. Agora habilitaranse nove modernas paradas de autobús. Isto obriga a reducir nun número pequeno as prazas de aparcamento en beneficio da seguridade dos usuarios do transporte urbano e da propia fluidez de tráfico. En total, quedarán 145 prazas de estacionamento en batería e outras 48 en liña.

Os peóns que paseen por esta avenida atoparanse tamén cunha nova iluminación, semellante á existente nas rúas Berlín e Londres, en Fontiñas, con farois máis altos para a calzada e máis baixos

para as beirarrúas. Dos 61 puntos de luz actuais pasarase a 96. A reurbanización supuxo igualmente a instalación de cinco illas de colectores soterrados, a renovación das redes de saneamento e abastecemento e o soterramento de cables. Respecto ao mobiliario e á xardinería, colocáronse 36 bancos, 19 papeleiras e 52 árbores, en concreto 40 ciróleiras de xardín e 12 ligustros do Xapón.

As obras de reurbanización que se están a levar a cabo no tramo comprendido polas rúas Galeras, Salvadas e Vista Alegre converterán este viario, un dos principais accesos á cidade, nun espazo urbano con amplas beirarrúas e unha coherencia no seu conxunto. Así, un dos principais obxectivos é harmonizar o que na actualidade son distintos modelos de seccións e materiais e as diferenzas de rasantes existentes.

A ampliación das beirarrúas será un aspecto especialmente importante para tramos nos que agora non existen ou son especialmente estreitas. É o caso do que discorre ao carón do edificio das Casa das Máquinas, futuro Centro de Interpretación Ánxel Casal, que agora terá unha beirarrúa de aproximadamente 2,30 metros. Tamén en Entreríos se gañará unha beirarrúa de 1,80 metros.

No futuro, cando se concrete o convenio con Fenosa para a cesión dos edificios contiguos á Casa das Máquinas, o obxectivo é que esta se poida atravesar a pé tanto por un lado, coa nova beirarrúa, como polo outro, xa que alí se construíra unha praza pública. Neste primeiro tramo da obra, a partir do Campo das Hortas, solucionarase o problema das diferentes rasantes e manteranse os tres carrís de circulación.



O alcalde, Xosé A. Sánchez Bugallo, manifestou que “os resultados compensarán as incomodidades” sufridas e puxo como exemplo o caso da avenida de Castelao.

No seguinte tramo, un dos aspectos máis curiosos será a mediana arborada que dividirá os carrís de circulación. E xa en Santa Isabel, ao carón das instalacións deportivas, a praza converterase nun espazo arborado perfectamente integrado na rede de espazos verdes do oeste da cidade. Nesta parte, de acordo con este carácter diferenciado, o asfaltado convencional dos carrís de circulación deixará paso ao formigón.

Avanzando cara a Vista Alegre tamén se solucionarán os problemas de rasantes que se dan na confluencia das rúas Salvadas e Vista Alegre, potenciando tamén o seu carácter estancial. Finalmente, no resto do tramo, ata a rúa de Castelao, con menos complexidade técnica, gañarase en amplitude e visibilidade. Aquí destacará o novo aspecto da praza de Vista Alegre, integrando o camiño de Lermo, a

fonte e o cruceiro nun espazo tamén con bastante arborado.

As obras desta zona, que contan cun orzamento de 4.364.804 euros, finalizarán antes de que remate o ano 2010.

Da reurbanización dos accesos á cidade beneficiarase tamén a rúa Rosalía de Castro, no tramo dende Romero Donallo ata Volta do Castro. Estas obras, presupostadas en 3.973.000 euros, permitirán gañar espazo de aparcamento, pero producirase unha redución de prazas xa que se prohibirá o estacionamento en batería co fin de gañar espazo para as beirarrúas e por seguridade. Tamén se aproveitará para renovar as redes de saneamento e abastecemento, e para soterrar todas as instalacións eléctricas e de telecomunicacións.

Instalaranse catro unidades de colectores soterrados, que se con-

centrarán nos primeiros 800 metros da rúa. A nova iluminación, cun tratamento plenamente urbano, será outro dos aspectos salientables da intervención. Finalmente, aproveitarase para reordenar as paradas de autobús e as zonas de carga e descarga.

O alcalde, Xosé A. Sánchez Bugallo, manifestou que “os resultados compensarán as incomodidades” sufridas e puxo como exemplo o caso da avenida de Castelao. Tamén apuntou que “se está a traballar a todo ritmo” para poder rematar todos os proxectos do Plan de Travesías dentro de prazo. En concreto, os operarios realizan os labores ata as 00.00 horas –incluídos os sábados– en Salvadas, Galeras e Vista Alegre; mentres Cruceiro do Galo estará aberta cando se inicien as clases a comezos de setembro.



A Feira Medieval deixou ganas de máis

Durante unha fin de semana que se fixo moi curta, Compostela celebrou nas rúas da cidade vella a III Feira Medieval, que nesta ocasión reforzou a súa singularidade cunha representación histórica da coroación de Afonso Raimúndez como rei de Galicia. Os case cen postos do mercado de época arrastraron miles de turistas e veciños que participaron dun acontecemento que este ano se espallou por todo o casco histórico de Santiago. Moitos mesmo se animaron a vestirse de época para regresar aos tempos medievais nos que a vella cidade de pedra foi levantada.

Este ano a Feira Medieval reforzou a súa dimensión pedagóxica e histórica coa recreación itinerante da coroación de Afonso Raimúndez o sábado pola tarde. A comitiva partiu de San Domingos de Bonaval. Máis de 50 actores e actrices da compañía Ditea deron vida ás personaxes do século XII, facendo paradas na praza da Inmaculada, na praza de Cervantes e no Toural onde realizaron varias representacións.

Finalmente, recreouse na praza da Quintana a coroación do neno Afonso Raimúndez como rei de Galicia polo bispo Diego Xelmírez, acontecida o 17 de setembro de 1111.

A recreación congregou nas rúas de Compostela arredor de 20.000 persoas, boa parte delas ataviadas con vestimentas medievais. A Asociación Compostela Vella puxo á disposición de todos os veciños un teléfono para facilitarlles os



“Todo o mundo quedou moi contento. Gustou moito a idea de non concentrar todos os postos na Quintana. O efecto foi moi positivo.”

vestiarios de época e o Concello facilitou adornos para que os veciños do casco histórico se animasen a engalar os seus balcóns.

Máis alá deste singular e participativo espectáculo, ao longo dos tres días da Feira sucedéronse diversas representacións medievais a cargo da empresa encargada da montaxe do mercado. Nesta edición, o Ano Santo non permitiu situar postos na Quintana, pero a alternativa resultou mesmo mellor. Os postos repartíronse pola praza de Cervantes, a rúa Acibechería, a praza da Inmaculada, a praza de San Martiño Pinario, a rúa das Casas Reais, a praza de Salvador Parga, a rúa da Algalia de Arriba, a Pescadería Vella, a cantón do Tournal, a rúa das Orfas, a rúa da Caldeirería, a rúa do Preguntoiro, a travesa de San Paio de Antealtares, a praza de Feixó, Antealtares, a rúa da Conga e a rúa Nova. O concelleiro de Mercados, Andrés Fariña, mostrouse moi satisfeito dos resultados deste novo xeito de artellar o mercado medieval e asegurou

que “todo o mundo quedou moi contento. Gustou moito a idea de non concentrar todos os postos na Quintana. O efecto foi moi positivo”.

De todos os xeitos, o obxectivo é ir consolidando o evento máis alá da súa compoñente comercial incrementando a faceta histórica e cultural da representación. Tanto o concelleiro de Mercados como o de Festas, Xosé Baqueiro, insistiron no seu carácter participativo e de dinamización do casco histórico. De aí que nesta ocasión se implicasen activamente os veciños e comerciantes deste ámbito e mesmo algúns establecementos hostaleiros, que elaboraron tapas e menús medievais para a ocasión.



O obxectivo é ir consolidando o evento máis alá da súa compoñente comercial incrementando a faceta histórica e cultural da representación.





Veciños no Camiño

Fai o Camiño connosco. Así reza o lema co que a Concellería de Participación Cidadá segue a convidar a todos os cidadáns a realizar o Camiño de Santiago neste Ano Santo. Concluídas xa moitas das rutas, o saldo non pode ser máis positivo. O éxito do programa obrigará a repetir a ruta do mar de Arousa, mentres centos de veciños agardan con impaciencia o comezo das etapas da última ruta, o Camiño de Fisterra, que se desenvolverán entre setembro e novembro.

A concelleira de Participación Cidadá, Guadalupe Rodríguez, presentou en febreiro esta iniciativa, que se puxo en marcha coa colaboración do Club de Sendeirismo Vía Láctea e no marco do programa *Xacobeo 2010, Espazo de Participación*. Neste ano no que todos os camiños conducen a Santiago, este departamento ofreceu a posibilidade de realizar cinco rutas de sendeirismo, duns 20 quilómetros cada tramo; tres rutas tradicionais polas etapas galegas do Camiño Francés, Portugués e de Fisterra; e unha ruta marítima polo mar de Arousa.

Foi tamén unha oportunidade para fomentar a práctica do sendeirismo, segundo salientou o presidente de Vía Láctea, Antonio Pose, que animou a todos a participar deste programa. Mesmo o alcalde, Xosé A. Sánchez Bugallo, se uniu á iniciativa o 13 de marzo, facendo a pé cos veciños a primeira etapa de sendeirismo dende Sigüeiro.

Outra das propostas partiu de Salceda, polo Camiño Francés Primitivo do Norte e a terceira saíu de Ponte Ulla, neste caso a través da Vía da Prata. O tramo polo Camiño Portugués partiu de Padrón

e o do Camiño de Fisterra transcorreu entre Negreira e Santiago.

Camiños tradicionais e ruta por mar

En canto ás rutas tradicionais, as opcións foron tres. Polo Camiño Francés estableceuse unha ruta de cinco etapas dende Sarria (113 km), mentres que polo Camiño Portugués se saíu de Valença do Miño para chegar a Santiago despois de seis etapas e 109,7 quilómetros. Estas dúas rutas permitiron aos participantes obter a Compostela. A ter-

ceira posibilidade está aínda pendente de celebrarse. Trátase do último tramo do Camiño, o que vai de Compostela a Fisterra, percorrendo 122 quilómetros dende Santiago a Muxía.

As etapas realizáronse os sábados. A primeira etapa do Camiño Francés realizouse o 20 de marzo e o resto do tramo percorreuse ao ritmo dunha etapa cada sábado. O Camiño Portugués comezou o 22 de maio e neste caso faise unha etapa cada dúas semanas. A primeira etapa da última das rutas, a de Fisterra, terá lugar o 11 de setembro, tamén ao ritmo dunha etapa cada dúas semanas, e concluirá o 13 de novembro coa etapa Lires-Muxía.

Finalmente, a ruta do Mar de Arousa e Ulla que se realizou o 10 de xullo tivo tanto éxito que é moi probable que a Concellaría programe unha nova data para repetir a experiencia, na que poderán participar todos os veciños e veciñas que quedaron fóra na primeira viaxe e os que se queiran sumar a esta segunda volta. O programa será similar ao de xullo, con saída en autobús cara ao Grove e dende alí unha travesía de tres horas en catamarán con degustacións de mexillóns, empanada e viño nun percorrido de 23 quilómetros ata Pontecesures pola ría de Arousa. Desde alí os participantes continuarán camiñando ata Santiago, facendo paradas culturais polo percorrido.



En autobús ata o punto de partida da etapa

Poden sumarse ao programa as asociacións e calquera cidadán interesado na iniciativa. O inicio de cada tramo será o punto de chegada do anterior. A viaxe de ida e volta ata este punto de partida realizarase en autobús, que sairá da Casa das Asociacións ás 9:00 horas e chegarán de volta sobre as 19:00 horas. O prezo de cada etapa é de cinco euros.

Os interesados poden facer a súa preinscrición persoalmente ou por teléfono na Casa das Asociacións, para posteriormente pagar a tarifa da viaxe na conta bancaria disposta para os efectos.

Máis información na Casa das Asociacións, na rúa Manuel Beiras, 3 (antiga estación de Cornes), no teléfono 981 542 350 ou nas seguintes direccións:

participacionciudad@santiagodecompostela.org

faiocaminocnosco@gmail.com
ou vialactea@gmail.com



Exposición e suxestións

Ademais, aproveitando esta iniciativa, convocouse o certame fotográfico *Instantáneas Xacobeas*, que permitirá recoller nunha exposición momentos singulares, fotografías da paisaxe ou curiosidades do Camiño recollidas polos participantes coas súas cámaras.

Os camiñantes tamén poden deixar as súas impresións, queixas e suxestións nunha "mochila de suxestións".



Asociación de Veciños A Xunlla de Laraño

A importancia de manter o conseguido en trinta anos

A parroquia de Laraño, situada ao sur da cidade, xunto á estrada de Noia, foi en tempos unha zona totalmente rural e afastada de Santiago, pero o crecemento urbanístico da cidade permitiulle avanzar en materia de servizos. Do mesmo xeito que sucede en moitos lugares da periferia, os principais problemas seguen a ser as comunicacións, a maleza que invade algunhas pistas ou a reparación do firme. E aínda que a súa presidenta, Mari Carmen Fernández Presas, recoñece que non hai grandes motivos de queixa, é preciso facer un traballo constante coas autoridades públicas para que os labores de mantemento non se atrasen.

Tamén, como noutras parroquias situadas nas proximidades das vías de comunicación, as grandes infraestruturas que benefician o conxunto da cidade e incluso outros concellos provocan algúns problemas para os veciños da zona. Neste caso trátase da dobre vía do Tren de Alta Velocidade, que supón que para chegar a algúns lugares os veciños teñan que dar máis voltas das que daban antes, como é o caso de Pardiñas.

Porque en cuestión de vías públicas sinalan que seguen a ser as mesmas que hai anos, coa única diferenza de que as devanditas obras do ferrocarril obrigaron a estreitar algúns viais.

Con todo, non é este o problema máis importante, senón o proxecto da nova depuradora para Santiago, que se vai colocar ao outro lado do río, en Laraño.

Non se opoñen á construción da nova depuradora, pero consideran que se podería estudar outra localización.

A presidenta dos veciños explica que non se opoñen á construción desta infraestrutura, que comprenden que é fundamental para a cidade, pero consideran que se podería estudar outra localización, ben onde se atopa a actual ou ben máis abaixo.

Dende hai trinta anos, cando se creou a asociación A Xunlla, a parroquia foi cambiando. Nos primeiros momentos os obxectivos da agrupación veciñal eran a reclamación dos servizos, hoxe en día son máis ben o mantemento e a mellora dos mesmos. Daquela, trinta anos atrás, foi cando se empezou a dotar de rede de sumidoiros a toda a parroquia porque pasou de ser unha zona plenamente rural a acoller unha poboación, tanto os seus habitantes antigos como os novos, que traballa fundamentalmente en Santiago. "Hoxe xa non se ve unha vaca", explican. Pero non só traballan na cidade, senón que tamén participan nas actividades culturais de Santiago, como poden dar fe os trofeos obtidos pola participación

no desfile de comparsas do entroido compostelán, no que sempre destacaron pola súa orixinalidade e elevada participación.

E aínda que nos últimos tempos a parroquia medrou bastante, a maior parte dos veciños naceron alí, ou levan moitos anos residindo en Laraño, e son máis de douscentos os que integran actualmente a asociación. O crecemento experimentado débese a que aínda que na parroquia –como sucede en toda Galicia– hai un elevado número de persoas de idade, tamén abunda moito a mocidade, que é moi activa á hora de participar nos programas da asociación. Unha asociación que, a diferenza das próximas de Figueiras ou Vidán, forma parte da Federación de Asociacións do Rural, Ferusa, en parte para seguir a traballar pero tamén como recoñecemento a que cando foi o problema dos tres veciños do Eixo "Ferusa portouse". Seguen nela, aínda que a súa presidenta sinala que as parroquias integradas na Federación "son máis rurais, por-

Nos primeiros momentos os obxectivos da agrupación veciñal eran a reclamación dos servizos, hoxe en día son máis ben o mantemento e a mellora dos mesmos.

que nós temos todos os servizos". Incluído algún de máis porque nas proximidades da estación teñen que sufrir un problema cos colectores de lixo, que moitos desaprensivos confonden cun punto limpo e utilizan para depositar toda clase de desperdicios, desde electrodomésticos estragados ata mobles vellos.





Mari Carmen Pérez Doval

“As relacións co Concello son fluídas, pero tes que estar sempre reivindicando”

A actual presidenta da asociación de veciños A Xunlla, Mari Carmen Pérez Doval, leva catro anos no cargo pero entrou a formar parte da asociación xa desde que se fundou, alá polos anos oitenta, “e xa formei parte doutra directiva anterior como vogal”, explica. A razón para acceder a esta responsabilidade foi a petición dos propios veciños cando o cargo quedou vacante. “Estes postos ninguén os quere”, explica, “porque tes que compaxinalos con outras actividades. Afortunadamente, o meu traballo permíteme ter unha certa dispoñibilidade para atender as responsabilidades do cargo”.

Unhas ocupacións que son moitas porque a parroquia conta con máis de douscentos veciños, ademais dos que se foron incorporando coas novas vivendas, aínda que estes últimos “non se integran moito nas actividades da asociación”.

E iso que o repertorio de actividades é moi amplo: “Temos de todo tipo e para todas as idades, como bolillos, teatro, unha coral, pandeireiras, baile tradicional e mesmo unha aula de informática”.

Para o desenvolvemento destas actividades contan cun centro que é orgullo da parroquia, e que foi recentemente remodelado e ampliado. “Era unha antiga escola, dun lado estaban os nenos e doutro as nenas,

pero xa daquela a asociación tiña un pequeno local. Despois pechouse a escola e converteron todo o edificio en centro sociocultural”.

Trátase dun centro moi amplo “no que temos espazo para todo tipo de actividades e para todas as idades, incluíndo para os máis pequenos”. Para eles, xunto á entrada, contan cunha área infantil que moitas veces está ata os topes, aínda que nestes meses de verán os nenos que poden optan pola praia. “Os nenos son os que veñen máis porque agora ademais o Concello mandou unha monitora para que poidamos abrir os xoves e os venres, de xeito que agora temos actividades todas as tardes”.

A Deputación da Coruña ampliou o antigo colexio e dotouno dunha área posterior acristalada, tan nova, que quedan por solucionar algúns pequenos detalles, como mellorar a insonorización. “Son problemas que se teñen que ir arraxando pouco a pouco”, explica a presidenta da asociación.

O centro sociocultural tamén dispón dun amplo patio cercado que rodea o edificio, que é onde se atopa a zona de xogos infantís.

Conta iso si, coa colaboración dunha directiva integrada por nove personas. “Temos unha reunión os úl-

timos xoves de mes, se non hai outra cousa. Como normalmente pasamos todos polo local, se xorde algunha cuestión convocamos unha reunión extraordinaria”. Un traballo que defínese como “moi bonito”, que se desenvolve todo o ano, agás no mes de agosto, onde a actividade é algo menor por aquilo das vacacións.

En canto ás relacións co Concello, destaca que son “fluídas, porque os políticos fan caso, pero tes que estar enriba deles. Con todo, non hai queixa, aínda que agora coa crise non están as cousas para moitas peticións” e destaca que “aquí os tres partidos sempre se portaron ben, home, algún mellor que outro”.

No tocante á colaboración dos veciños, afirma que “temos moito apoio e participación” e que “nunca tiveron problemas graves con ninguén. Sempre poden existir suspicacias, pero eu sempre procuro facer as cousas da asociación coa mesma entrega coma se fosen miñas”.

Sobre o futuro á fronte da asociación, sinala con ironía que “agora a ver cando a solto, porque é mala de soltar. Ao mellor, se tivese un bo soldo, pero como non cobras nada...”.

Para o desenvolvemento das actividades contan cun centro que é orgullo da parroquia, e que foi recentemente remodelado e ampliado.

Isabel Presas Iglesias

“A asociación naceu da reivindicación”



Un conflito por unha das moitas vías de alta capacidade que atravesan a zona foi o detonante do movemento veciñal en Porto Fornelos. “A asociación naceu a raíz dun problema que tivemos cando fixeron a entrada desde a rotonda de acceso ao polígono do Millaño, pois naquel intre quixeron deixar sen entrada ao barrio, explica a súa presidenta Isabel Presas, “tocáronnos un pouco o nervio, e decidimos facer unhas sentadas na entrada”.

Foi o principio do movemento colectivo que contou co apoio de toda a xente da zona “alí faciamos gardas día e noite, e os veciños traíannos comida, mantas... todo o mundo se preocupou, e incluso un dos máis vellos dicía que nunca vira tanta unión no pobo”.

A protesta tivo éxito, “e como nos fixeron caso e nos deixaron a pista, animámonos a seguir traballando polo barrio”. Deste xeito, a principios do presente século “naceu con moita ilusión a asociación de veciños deste barrio”.

“Daquela eu non era a presidenta”, senón a súa conveciña Anuncia, di Isabel Presas que asumiu xa desde o inicio da andaina da asociación cargos de responsabilidade como vicepresidenta da mesma e hai seis anos accedeu á presidencia cunha

xunta directiva integrada por cinco mulleres, “os homes utilizámoslos para que fagan de cociñeiros nas festas”, sinala con ironía.

As cinco integrantes da xunta directiva son traballadoras “e o pouco tempo que podemos sacar da nosa vida familiar e laboral empregámolo aquí para facer o que nos deixan facer”, explica. Un tempo que no caso da presidenta non é moito porque traballa en quenda de noite “así que, entre facer algo de comer e descansar un pouco... necesitaba un día de corenta e oito horas”.

Con todo, a entrega compensa, aínda que reconece que a xente do barrio tiña máis impulso ao principio, pero agora “como non temos un local onde facer as reunións, a xente participa menos” sobre todo os maiores, aos que lles custa máis desprazarse.

O que quere salientar especialmente a presidenta é a colaboración de dúas veciñas, Anuncia, a anterior presidenta, e Carmiña, que lles ceden espazos para poder reunirse, pero son un terreo onde se fan os magostos e o bairo dunha casa. Ao non ter un local, non hai un lugar onde deixar as cousas “agora están repartidas por toda a aldea”.

Tiveron unha oportunidade de dispor dun espazo no veciño

centro sociocultural da Rocha Vella, pero dada a idade de moitos veciños, non resultaba práctico, xa que non se animan a desprazarse ata alí, e menos no inverno, así que buscaron outras posibilidades: “De feito, chegamos a mandar xente a talleres de memoria a Porta do Camiño, pero é moita distancia para eles, pois aínda que os viñan a buscar nun bus, tiraban toda a tarde entre as actividades e ir e vir”. “Tamén houbo xente que ía facer ximnasia de mantemento á Rocha, pero deixaron de ir porque dicían que a ximnasia xa a facían camiñando.

“O Concello axúdanos o que pode”, reconece, lembrando que son moitas as asociacións de veciños que existen na cidade, “sempre din que non hai cartos, pero algo se pode facer, e por iso intentaremos seguir pelexando”.

Deste xeito, non descartan tomar o ano que vén de descanso, pero non coa idea de abandonar, senón de recuperar forzas para volver dentro de dous anos “para seguir dando caña polo barrio”.

Mentres, a pesar da carencia de local, seguen organizando varias festas ao ano, o San Xoán, o magosto ou a Virxe de Conxo, e traballando o que se pode casa por casa cos veciños.

Con todo, a entrega compensa, aínda que reconece que a xente do barrio tiña máis impulso ao principio, pero agora “como non temos un local onde facer as reunións, a xente participa menos” sobre todo os maiores, aos que lles custa máis desprazarse.



Asociación de Veciños Porto Fornelos

Barrio de Porto Fornelos, onde os maiores necesitan mellor transporte

“Somos unha aldea pequena con moita xente maior e pouquiña xuventude, deixados da man de Deus e da do Concello”, así define o barrio de Porto Fornelos, Isabel Presas, a presidenta da asociación veciñal. É unha zona situada no límite entre o concello de Santiago de Compostela e o de Ames, “machacados polo Milladoiro e pola autovía, porque a construción do corredor de Brión e dos enlaces coa autoestrada AP-9, trouxo moitas vantaxes para o resto da cidade, pero moitas dificultades para os veciños da zona”.

A aldea conta cunhas cincuenta persoas, a maioría delas oriúndas do barrio, xa que salvo en contadas excepcións, a propiedade pasa dos pais aos fillos. O tipo de vivenda é a tradicional, pois as construcións novas son moi escasas, abonda dicir que en toda a zona só existe un edificio con tres vivendas, o resto son casas unifamiliares dunha ou dúas plantas en altura.

En canto á problemática do barrio é diversa. Ao feito de que a maior parte da xente asimila este

barrio co da Rocha Vella, dada a súa proximidade, hai que sumar o problema das comunicacións, do que os veciños se queixan, pois non é cousa doada, sobre todo para as persoas de maior idade.

Unhas barreiras que, afirman, a construción da autovía e o entronque coa AP-9, xa citados, non viñeron precisamente a solucionar. Se a isto engadimos a situación xeográfica do barrio, limítrofe con dous concellos, atopáronos coa conseguinte repartición de concesións e discriminacións, que

A construción do corredor de Brión e dos enlaces coa autoestrada AP-9, trouxo moitas vantaxes para o resto da cidade, pero moitas dificultades para os veciños da zona.

tanta distorsión causa na vida dos veciños.

Así, se desexan coller o autobús urbano teñen que desprazarse ata Poza Real ou a Rocha Vella. O problema deste último enlace, que é o máis próximo a aldea, é que non alcanza o barrio, e o camiño que falta e moi pendente e resulta difícil de superar para a xente de máis idade. Segundo nos explica a presidenta "a min lévame quince minutos andando a bo ritmo", imaxinen a xente maior.

Solicitáronlle ao Concello de Santiago que a liña chegase ata a rotonda pero ese xa é terreo de concesión de autobuses de Calo, empresa que presentou varias denuncias contra a concesionaria do transporte urbano por invadir a súa liña.

"Agora parece que a cousa mellorou un pouco cos primeiros pasos da rede comercial, o bus do Milladoiro vai parando, pero non temos marquesiñas xa que non hai paradas oficiais", afirma a presidenta, pero denuncia outra inxustiza en relación aos veciños doutro concello: "Os de Ames se collen a liña de Calo teñen dereito a uns descontos, pero nós, como estamos censados en Santiago, non podemos".

O resultado é que a xente maior non sae da aldea e a xente nova que traballa en Santiago ten que desprazarse no seu propio vehículo "porque facer coincidir os servizos cos horarios das liñas é moi difícil", e iso que a maioría traballa en Compostela, ou concellos da comarca,

continúa, "porque antes as terras daban para vivir, pero xa non".

Despois, as carencias son as clásicas da periferia dunha cidade: o arranxo das pistas, no que admite a presidenta "o Concello aínda se vai portando", de colectores, de limpeza de espazos públicos e de iluminación "en moitos puntos non temos, e noutros non se ve ben pola abundancia de maleza". Todo isto sen esquecer a demanda dun centro sociocultural "aínda que sexa pequeniño". Unha carencia que se fai notar sobre todo polas persoas maiores que viven no barrio e coas que lles gustaría traballar organizando reunións, dando charlas informativas sobre as achegas e vantaxes que lles ofrecen as administracións públicas e toda unha serie de actividades que ofrecen a rede de centros socioculturais de Compostela.

Aínda así, sinala que os maiores fan as súas reunións, usando a casa dalgún dos veciños "canto mellor sería que puidesen ter un sitio onde estar, ler a prensa, un libro ou recibir formación".

"Os de Ames se collen a liña de Autobuses de Calo teñen dereito a uns descontos, pero nós, como estamos censados en Santiago, non podemos".



Foro pola Inmigración

Unha función de coordinación e axuda, pero tamén de demanda e reivindicación

Segundo explica o seu presidente, Miguel Fernández, o Foro pola Inmigración naceu hai seis anos, cando unha serie de entidades que estaban a traballar no ámbito da emigración viron a posibilidade de constituír un organismo no que todos os temas relacionados con estas persoas se puidesen resolver dun xeito conxunto. Así, o Foro ten unha función de coordinación e de axuda, pero tamén ten unha liña de demanda e de reivindicación para dar a coñecer as necesidades deste colectivo.

No Foro en Santiago participan as asociacións de inmigrantes que existen, seis ou sete, e as entidades que traballan neste ámbito, como Cáritas, e o traballo que se desenvolve é, fundamentalmente, de información e asesoramento, dependendo do labor a que se dedica cada entidade. En Cáritas, por exemplo, fanse todos os traballos, información, asesoramento, axuda na presentación de recursos, e tamén existe unha bolsa de emprego e obradoiros de formación ocupacional. Pola súa banda, as asociacións de inmigrantes, céntranse máis nun labor de apoio psicolóxico, de lugar de encontro, un pouco na mesma liña que facían os

centros de emigrantes galegos, non tanto de prestación de servizos como de ofrecer un espazo para facer reunións, comidas e unir a xente.

En canto aos problemas dos inmigrantes, para o Foro son os mesmos que os dos colectivos de aquí, coa diferenza de que “eles sempre teñen un problema a maiores”, que é a situación legal. Hai un grupo de persoas que están en situación de irregularidade administrativa, e que non teñen dereito aos servizos públicos, o que supón que as demandas son fundamentalmente de axuda asistencial. Normalmente, quen está en situación de irregularidade sempre ten a expectativa de regularizarse. Para os que xa teñen papeis, os problemas máis importantes teñen que ver co traballo ou coa renovación do permiso. A primeira renovación hai que facela ao cabo dun ano, e nese momento teñen que demostrar dúas cousas: que estiveron empregados seis meses no ano anterior e que no momento da renovación da solicitude están traballando. Antes non tiñan dificultades, pero agora si, debido á crise e ao paro. Este é un problema engadido, porque poden volver á situación de irregularidade.

Outra preocupación son os alugueiros ou a manutención porque normalmente cobren os seus gastos e mandan os cartos á casa, o que supón que non teñen fondos para situacións inesperadas, nin unha familia próxima á que recorrer. Aínda que entre eles se dan situacións de solidariedade, sendo normal que unha familia que ten traballo lle preste a outra durante algún tempo.

A situación económica está a afectar moito porque para os inmigrantes o tema do traballo é fundamental. Son colectivos moi normalizados, e non é frecuente que teñan problemáticas de exclusión social. Unha vez resolto o problema dos papeis, cando poden traballar traballan e non requiren os servizos máis que para renovar os trámites. Ademais, se traballan ben a renovación e practicamente automática, pero coa situación actual xorden os problemas.

O desemprego aféctalles máis, a pesar de que son moi flexibles e non teñen problemas para desprazarse ou para cambiar de sector, “se están na construción e sae un posto na hostalería, non o dubidan. Non teñen a rixidez que temos nós de buscar un traballo axeitado á nosa experiencia ou á nosa formación”.

O ano 2000 supuxo unha inflexión no traballo de Cáritas, “cando empezaron a aparecer persoas demandando traballo, o que nos obrigou a prestar outro tipo de servizos que os que ofrecía Cáritas”.



● O presidente

● Miguel Fernández leva en Cáritas desde os seus tempos de estudante na Universidade de Santiago. “Tiña conciencia social, e sempre me movín en colectivos de cristiáns de base, e a partir de aí tiveron a idea de traballar pola sociedade, de tratar de cambiar a situación”.

● Deste xeito, contactou con Cáritas e comezou a traballar con colectivos de inmigrantes. “Primeiro con xitanos portugueses, que era a xente que non tiña casa, vivían en furgonetas e que agora están practicamente todos situados. Logo empezamos a dedicarnos a temas como a promoción do emprego e a buscar alternativas para que a xente puidese ter autonomía para traballar”.

O ano 2000 supuxo unha inflexión no traballo de Cáritas, “cando empezaron a aparecer persoas demandando traballo, o que nos obrigou a presar outro tipo de servizos que os que ofrecía Cáritas”. Non é que se dediquen exclusivamente aos inmigrantes “pero as tres cuartas parte dos demandantes son persoas de fóra”.

Neste momento foi como xurdiu o Foro, “nós temos unha dinámica de traballo en rede, que é o que nos permite buscar alternativas. É dicir, ti podes resolver problemas persoais, pero o que é importante é resolver problemas estruturais. Este modelo de traballo permite que esteas buscando actividade para unha persoa concreta, pero tamén que estás a pensar nunha solución para que as necesidades das persoas sexan cada vez menores, as posibilidades de autonomía persoal maiores e que existan estruturas que permitan atender este colectivo”.

Para desenvolver estes labores é preciso ter unha relación estreita coas administracións públicas. “Somos reclamadores e reivindicadores porque nos parece que é unha cuestión de dereitos. Pensamos que é moi importante que se entenda que os servizos sociais son un dereito das persoas, igual que os servizos sanitarios ou educativos. Todos podemos chegar por calquera motivo a unha situación de necesidade, e de exclusión social, e debemos ter uns servizos sociais que cubran as carencias. Tense que en-

tender como un dereito, non como algo graciable, que se presta ocasionalmente”.

Unhas axudas totalmente xustificadas no caso dos inmigrantes porque “eles, ademais, son moi activos, e por iso tentamos convencer as administracións para que elas tamén xeren servizos para este colectivo, porque eles tamén están a facer un investimento”.

Polo que se refire á estrutura organizativa, o Foro empezou traballando en Santiago e agora xa se estende a toda Galicia, “porque hai moitas cousas que desbordan o ámbito local”, explica Miguel Fernández. Na actualidade conta “cunhas dez ou quince persoas que traballan de forma activa, representantes de entidades, de ONG, voluntarios das campañas educativas”, que son os que se encargan da organización e planificación. “Reunímonos aquí o primeiro mércores de cada mes ás oito e media. É unha reunión fixa, e esa regularidade fai que sexa moi dinámica e o nivel de participación amplo. Facemos campañas educativas, participamos nos cursos da USC, sostemos reunións coa Xunta ou co subdelegado do Goberno, co que traballamos moito en temas de estranxeiría”.

Un labor intenso que ademais se fai sempre de xeito voluntario, xa que o Foro non ten personalidade xurídica, “as persoas que traballamos facémolo sempre a maiores da nosa dedicación principal”, conclúe Miguel Fernández.

Compostela, cidade mediadora

A Concellaría de Participación Cidadá, a través de AGAMIX (Asociación Galega de Mediación e Igualdade de Xénero), acaba de pór en marcha o primeiro Centro Municipal de Mediación Cidadá de Galicia, o CEMMCI. Coa implantación deste servizo Santiago de Compostela entra a formar parte da Rede de Cidades pola conciliación e a mellora da calidade de vida da cidadanía, e convértese na primeira cidade galega en apostar por este novo modelo.



A complexidade da vida cidadá produce situacións difíciles, moitas delas non ven saídas *socialmente proveitosas*, outras non teñen espazos de resolución desde a Administración e as máis son de *carácter confidencial* entre veciños.

Estas situacións e as persoas que están involucradas nelas piden unha resposta adecuada da Administración pero os servizos institucionais non sempre poden dar a resposta que o cidadán require. O sistema está saturado, aumentou o volume de demanda e o nivel de esixencia por parte da cidadanía. Este feito tradúcese nunha percepción de paulatina diminución na calidade de vida, percepción de inseguridade cidadá e, en consecuencia, nun aumento do nivel de insatisfacción. Tradúcese tamén en grandes custos, non só económicos (creación de novas institucións, forzas policiais, recursos en xustiza...) senón tamén emocionais (dos axentes implicados na atención ao cidadán e dos cidadáns en xeral).

En Santiago realizáronse con gran éxito o ano pasado unhas xor-

nadas sobre mediación co obxectivo de contribuir á construción dunha cidade máis harmónica nun mundo de convivencia pacífica e que permita convertela nunha cidade mediadora. Estas xornadas, que incluíron un curso de formación para líderes asociativos, foron organizadas desde a Concellaría de Participación Cidadá coa colaboración do Departamento de Dereito Procesual da USC e de AGAMIX (Asociación Profesional Galega para a Mediación e a Igualdade de Xénero).

Despois dos bos resultados obtidos nestas xornadas, a Concellaría de Participación Cidadá decidiu pór en marcha o primeiro Centro Municipal de Mediación Cidadá de Galicia, o CEMMCI, que nos converte na primeira cidade galega en apostar por este novo modelo co que entramos a formar parte da Rede de Cidades pola conciliación e a mellora da calidade de vida da cidadanía.

O CEMMCI é un servizo gratuíto que desde o pasado 6 de maio ofrece á cidadanía de Santiago a posibilidade de ser parte activa na resolución dos seus conflitos coa

mediación dirixida por profesionais. Ábrese así un espazo confidencial onde as persoas implicadas, a través do diálogo e coa axuda dunha terceira persoa imparcial e neutral que realiza a mediación, poden atopar un acordo válido e benéfico para todas/os.

Con este novo servizo, o Concello reforza o seu compromiso de difundir e concienciar, non unicamente nun marco político-teórico senón tamén nun plano práctico e eficaz, un novo modelo para xestionar as situacións conflitivas, evitando o que se chama a escalada do conflito para previr calquera con-

ducta violenta. Deste xeito, trabállase pola prevención e o fomento da cultura da paz, e foméntase o compromiso cívico da cidadanía. As partes interiorizan o compromiso do acordado xa que a solución sae deles mesmos, co que os acordos son máis sostibles. A redución de custos a nivel económico e emocional, tanto para a cidadanía como para a Administración, permitirá que Santiago de Compostela se converta nunha cidade de referencia e líder no modelo de democratización das institucións, en participación cidadá e en calidade das súas redes de comunicación.

Quen pode acudir a Mediación?

Calquera cidad@n empadroad@ ou que se atope en Santiago de Compostela.

A onde podo acudir?

Á Casa das Asociacións. Antiga estación de Cornes. Rúa Manuel Beiras, 3 - 15706 Santiago de Compostela.

Cal é o horario?

Os martes e os xoves de 17:00 a 21:00 h.

Como podo poñerme en contacto?

Teléfono: 658 490 411

Correo: agamix@iustitiaomnibus.org

Máis información

Centraliña Casa das Asociacións: 981 542 350
participacionciudad@santiagodecompostela.org
www.santiagodecompostela.org

“As Misións Pedagóxicas 1931-1936”

A Casa das Asociacións acolleu entre marzo e abril unha das exposicións máis interesantes que teñen pasado este ano por Compostela. As Misións Pedagóxicas 1931-1936 é un proxecto da Fundación Francisco Giner de los Ríos e está producida pola Residencia de Estudiantes en colaboración coa Concellería de Participación Cidadá e o Museo Pedagóxico de Galicia. O acto de inauguración da mostra serviu tamén para que os veciños de Compostela lle rendesen unha homenaxe a Isaac Díaz Pardo, quen cedeu algúns dos fondos que se exhibían na mostra.

A historia da Misión Pedagóxica de Galicia arrinca o 11 de agosto de 1933, baixo a dirección de Rafael Dieste. Comezaba unha viaxe que duraría seis meses e que percorrería as catro provincias galegas. Foi a actividade de maior duración de todas as que realizou o Padroado das Misións Pedagóxicas, que creara o Goberno republicano o 29 de maio de 1931, co obxectivo de levar aos lugares máis afastados uns bens culturais que lles pertencían por dereito a todos os españois e non só aos que vivían nas cidades.

A exposición dividiuse en varios epígrafes que percorren dende os antecedentes desta experiencia ata os servizos que ofrecían as Misións Pedagóxicas: o Servizo de Bibliotecas, o Museo do Pobo, o Cine, o Coro e Teatro do Pobo, o Servizo de Música ou o Retablo de Fantoques, que naceu en terras galegas. Os habitantes das aldeas e das vilas ás que chegaron as Misións, así coma os intelectuais, pintores, escritores ou mestres que colaboraron nesta iniciativa, son os protagonistas da mostra.

A exposición tamén quixo reflexionar sobre o que supuxeron as Misións Pedagóxicas para aquela mocidade de entón e o corte que produciu nas súas biografías o estalido da guerra civil. Por iso, programáronse paralelamente mesas redondas, abertas ao público, coa participación de destacados representantes de ámbitos pedagóxicos, da historia da arte e da creación cultural, así como visitas guiadas para estudantes universitarios e de secundaria.



Homenaxe a Isaac Díaz Pardo

No marco da apertura desta mostra realizouse un acto de homenaxe veciñal a Isaac Díaz Pardo, ilustre compostelán amplamente coñecido e apreciado por todos e que recibiu ao longo da súa vida numerosas distincións e recoñecementos institucionais nacionais e internacionais. Acordárase así no Consello de Relacións Veciñais do pasado 23 de febreiro a proposta dos representantes das asociacións veciñais. En nome destes falou na rolda de prensa José Martínez. Dáse a circunstancia de que o propio Díaz Pardo achegou fondos a esta exposición. Preto de 100 veciños responderon ao convite da Concellería de Participación Cidadá e participaron neste recoñecemento a Díaz Pardo, que tivo continuidade máis tarde cunha cea homenaxe no restaurante A Costela de Román.

Música, maxia e sardiñada na II Festa do Solsticio



Centos de veciñas e veciños de Compostela xuntáronse na Casa das Asociacións a noite do martes 22 de maio para darlle a benvida ao verán arredor dunha gran cacharela que serviu de pano de fondo para unha noite de meigas. A celebración da II Festa do Solsticio completouse coa apertura da exposición *A indumentaria tradicional galega. O traxe de Muros*.

A Concellaría de Participación Cidadá, que xestiona Guadalupe Rodríguez, organizou poucos días antes de San Xoán unha gran sardiñada na Casa de Cornes. Foi a Festa do Solsticio de Verán, a segunda que organiza esta área, de novo aberta a toda a cidadanía e practicamente de balde porque para gozar das sardiñas, da boroa, do viño e da queimada só había que mercar unha cunca conmemorativa de cerámica de Buño, a un prezo de dous euros.

A música puxérona as pandeireteiras de Marantes, unha formación que sorprendeu a todos pola

enerxía coa que manteñen vivo o seu patrimonio cultural. Tamén tivo éxito a proposta do grupo de Boqueixón, Van de Varanda, que animou a xente ao baile.

O Teatro de Cámara Ditea puxo en escena unha peza creada arredor da tradición das meigas na noite de San Xoán, e a maxia de Xacobe completou o programa con trucos que deixaron atónitos os máis cativos.

Exposición

A festa coincidiu coa inauguración dunha exposición sobre indumen-





taria tradicional galega, que foi presentada polo alcalde, Xosé A. Sánchez Bugallo, e o presidente da Deputación da Coruña, Salvador Fernández Moreda.

A mostra *A indumentaria tradicional galega. O traxe de Muros*, froito da colaboración entre a Agrupación Folclórica Ximiela e a Deputación da Coruña, inclúe nove traxes rexionais, sete de muller e dous de home, en manequíns, representando a indumentaria tradicional das distintas comarcas galegas. En 19 paneis, en formato de 100 x 70 cm, exhibíronse máis de medio centenar de traxes, propiedade da entidade cultural muradá.

Nos paneis, ademais da reprodución gráfica dos diferentes tipos de indumentarias, había unha completa explicación da orixe e evolución histórica de cada unha delas, en función dos labores típicos, dos costumes, da tradición ou das diferentes condicións socioeconómicas da cada zona

ou lugar. Ademais, exhibiuse tamén unha colección de roupas, traxes infantís, adornos, xoiería e unha ampla colección de bonecas.

Todos os traxes foron confeccionados pola Agrupación Folclórica Ximiela, de Louro (Muros). Esta asociación naceu hai dez anos coa intención de ocupar o ocio infantil na parroquia con clases de baile, instrumentación e canto, formando un grupo folclórico. Os traxes iniciais dos grupos de baile e gaita eran correntes, e daquela propuxéronse confeccionar eles mesmos unha indumentaria luxosa, partindo do afamado que era tradicionalmente o traxe de Muros. Agora exhiben unha pequena mostra, pois teñen preto de cen traxes para todos os seus bailaríns e músicos.

Esta exposición comezou a súa andaina en Muros, no verán de 2009. Dende entón percorreu as salas de exposicións dos concellos de Outes,



Mazaricos, Negreira, Ames, Carnota, Cee, Ribeira, Santa Comba, Boiro, Cerceda e Oroso. Tamén representou a Deputación nun programa de intercambio cultural coa cidade portuguesa de Viana, e permaneceu exposta un mes no Museo Nacional do Traxe de Portugal, en Lisboa. Este setembro estará presente no Parlamento Europeo, en Bruxelas. Para lembrar estas marabillas da historia do noso folclore, a Concellería de Participación Cidadá agasallou exemplares do catálogo da exposición.

A humanidade tras da pedra



A exposición fotográfica de José Manuel Navia 'As trece xoias de España', que percorre en imaxes as 13 cidades que forman o Grupo Cidades Patrimonio da Humanidade de España, permanecerá aberta ao público na Casa das Asociacións ata finais do mes de agosto. Trátase dunha mostra itinerante composta por 78 imaxes nas que o autor descobre recunchos ao azar, esforzándose por transcender as clásicas postais da nosa paisaxe para achegarse á humanidade que hai tras a pedra.

En 1993 constituíuse en Ávila o Grupo de Cidades Patrimonio da Humanidade de España coa finalidade de actuar de xeito conxunto na defensa do patrimonio histórico e cultural destas cidades, seguindo as directrices da UNESCO (Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura) de fomentar a identificación, protección e preservación do patrimonio cultural e natural en todo o mundo.

Santiago é unha das trece cidades dese escollido grupo, cidades que son modelos de diversidade e riqueza cultural e concentran un patrimonio froito dun enriquecedor pasado histórico protagonizado polas culturas que nelas conviviron.

Todas elas foron, dende a súa fundación, testemuños de tradición e van configurándose día a día como imaxe de vangarda.

A mostra

Este proxecto do Grupo Cidades Patrimonio da Humanidade de España, patrocinado por Caja Duero e organizado por La Fábrica, consiste nun libro –prologado por S.A.R. a infanta dona Cristina– e unha exposición itinerante que percorren da man do fotógrafo Navia o patrimonio cultural das trece cidades españolas declaradas Patrimonio da Humanidade, destacando o seu valor único e excepcional.

Partindo da tradición romántica de viaxe cultural, Navia descobre cantos ao azar, a súa mirada intimista e poética adivíñase en cada unha das imaxes, esforzándose por transcender as clásicas postais da nosa paisaxe. Fotografías tomadas a distancia para achegarse á humanidade que hai tras a pedra. Destacado fotógrafo por ser un mestre no emprego da cor e do encadramento, Navia convida a percorrer rúas, murallas, obxectos, paisaxes e persoas.

A mostra, composta por 78 imaxes en cor de diferente formato e un audiovisual, comezou o seu percorrido polas cidades que forman o Grupo en setembro de 2008 e chega a Santiago tras pasar xa por Ávila, Salamanca, Cuenca, Alcalá, Eivissa, Toledo, Córdoba, Mérida, Cáceres e San Cristóbal de La Laguna. A súa viaxe continuará por Tarragona para finalizar en Segovia a comezos de 2011.



Poderosa hermafrodita

Por **Antón da Sobreira**

Coa tipuana (*tipuana tipu* –Benth, Kuntze) pásame unha cousa moi curiosa. Sempre a vexo espida.

Vaia, tampouco debo esaxerar!

En realidade só a vin dúas veces.

A primeira, foi no seu país de orixe: Arxentina.

Era agosto e, claro, inverno austral.

Aínda que non lle prestei moita atención –os afeccionados, cando empezamos, só ollamos o verde perdurable–, si lembro que preguntei por aqueles centos de exemplares que, espidos, inzaban as grandes avenidas de evocadores nomes: “Ribadavia”, “Maio”, “9 de xullo”...

—A tipa? ...tes que vela floreada! Non se coñece a cidade, inundada de flores amarelas! -dixérame xente querida.

Como tantas lembranzas máxicas, o marelo imaxinario da tipuana quedou durmindo no limbo, mentres eu trataba de contarvos porque a chorima debe ser a nosa flor nacional, ou de achegarvos o valor das nosas senlleiras.

Aló por xaneiro, souben que na nosa cidade hai un exemplar de tipuana. Faltoume tempo para ir recoñecelo!

Chovía, estaba o ceo cuberto, ía frío... e non tardei nada en chegar ó parque.

Está cerca de onde vivo. En realidade, é moi céntrico.

E atopeina.

Permanecía espida, coma se non pasasen os anos, desde a primeira vez no pasado século.

Lóxico.

Era o inverno setentrional. O noso.

E alí estaban. Si. Plural. Porque hai dous exemplares novos de tipuana.

Non era necesario, para a súa supervivencia, poñer dúas árbores.

A tipuana é unha poderosa hermafrodita –lembrede: na mesma flor, ten o androceo e o xineceo– que soporta calquera inclemencia, aguanta todas as eivas... todo os anos.

Sen desfalecer: ollo con ela!

Nesa resistencia é superior ás súas irmás –pertence á familia das *leguminosae*, (mimosas, sóforas, acacias...)

Chovía, estaba o ceo cuberto, o regato ía moi cheo –camiño do seu pai milenario. Era un día cincuenta: perfecto para combinar coa color da tipuana.

Núa.

Coa cortiza gris –parda, case escura.

Coa copa apuntando xa unhas formas redondeadas.

Adaptándose e disimulando coas compañeiras, de folla caduca, que

alí están: moreira, bidueiro, sófora. (Ninguén diría –pola súa integración– que na orixe apareceu alí por Catamarca, Arxentina)

E aquí me tedes: agardando, ansioso, a chegada de abril, ou maio...

Antes de rematar xuño as dúas tipuanas de Santiago estarán cheas de flores dun amarelo intenso, que voarán, inundarán o céspede verde, flotarán no regato, e mesmo poida que cheguen á rúa que, non moi lonxe do parque, foi dedicada a Isaac Díaz Pardo, o noso insigne veciño.

Así que, nesa espera para vela, por fin!, vestida de follas e flores, sigo alimentándome coas fotos -fermosas- que nos bos libros botánicos outra xente amiga das árbores ten a xentileza de publicar.

En Compostela, medrando a lúa de marzo de 2010, saúdos botánicos.

BIBLIOGRAFÍA:

1. *Guía Verde de Santiago de Compostela*, coordinada por María Isabel Fraga. Concellaría de Medio Ambiente, Parques e Xardíns. Editorial Alvarellos, Santiago de Compostela, 2010
2. *El nuevo libro del árbol* (tomo I), edición de Francisco Erize. Celulosa Argentina S.A. Editorial El Ateneo, Buenos Aires, 2000

“...*Permanecía espida,
coma se non pasasen os anos,
desde a primeira vez no pasado século.*”

Unha pequena xoia, tan necesaria...!

Non sabedes canta alegría sentín cando lin nos xornais que un novo libro galego se presentou, simultaneamente, en cincuenta e cinco sitios distintos do mundo.

Efectivamente, o venres día 4 de febreiro de 2010 apareceu publicamente o que debe ser o noso libro de cabeceira do galego:



55 mentiras sobre a lingua galega
Edicións Laiovento S.L.
(www.laiovento.com).
Colección cadernos ensaio,
coordinado por
Xosé Henrique Costas.

A primeira virtude xa foi ese detalle tan orixinal: aproveitar as redes sociais de internet para conectarse e facer o mesmo acto en sitios tan dispares como Melide, Wisconsin, Bos Aires ou Moaña... (Coa primeira virtude, a primeira reflexión: non estamos sós: canta xente entusiasta ama o galego!)

Naturalmente me faltou tempo para ir mercalo –oito euros: prezo accesible– e engulilo nun par de horas, que saben a pouco.

Esa é a segunda virtude: a facili-

dade de lectura. É un libro tan grato e ameno que non es quen de deixalo ata rematar

(Segunda virtude, segunda reflexión: que bos profesionais temos! Xente do colectivo ProLingua que lle dan xeito escrito –sen faltar á verdade– a cousas de sentido común, pero que os inimigos do idioma non atenden nin respectan)

Non me resisto a transcribir un par de textos do limiar (páx.7):

“Non sabe vostede, ou se cadra si, o difícil que resulta para o profesorado de Lingua Galega no exterior –Tubinga, Toronto, Varsovia...– dar explicado a un universitario alemán ou a unha alumna canadense que certa xente, pensada neste noso país, dedica moito tempo a combater a existencia plena, culta e oficialmente recoñecida do seu propio idioma.

Un amor elemental á humanidade fainos crer que tal cousa non é posible...”

“Chamámolle actitude á predisposición a avaliar favorable ou desfavorablemente un obxecto, persoa ou situación (unha lingua, no caso das actitudes lingüísticas) e a actuar de acordo con esa avaliación.

Os prexuízos nacen das actitudes.

Un prexuízo é unha idea preconcebida, que ten a súa orixe nun erro –deliberado ou non– na categorización da realidade”. (páx. 9)

Esa é a terceira virtude: ser didácticos; claridade, facilidade de exposición, razoamentos comprensibles.

(Terceira reflexión: definir un prexuízo: cantos saben o que é? Como non vai seducirnos este libro?)

Xa vedes, estaría destripando o libro para todos vos; é un texto que se deixa querer e que conforta as persoas.

Aínda así, remato coa cuarta virtude: clarividencia nas 55 mentiras. (ver índice, páx. 79)

Nese afán pedagóxico que impregna o libro –afán que leva implícita a veracidade, os datos contrastados, a evidencia histórica– está a súa eficacia: é un libro que te persuade definitivamente: o galego é unha lingua e o resto son 55 trolas baseadas en prexuízos.

Aquí vai unha delas (páx. 51).

Falacia: “Temos dereito a que toda a sinalética e a documentación oficial –toponimia, Administración, escolas, hospitais, etc. –este nas dúas linguas”.

Razoamento: unha persoa normal, que acabe de chegar a Galicia e nunca tivese contacto co galego, entende ben o galego en menos dun mes e pode falalo en menos dun ano, dada a proximidade estrutural entre galego e castelán.

En Galicia di non entender galego o 1% da poboación. Ese 1% seica non entende sinais como “urxencias”, “tocoloxía”, “escola”, “pavillón de deportes”, “Conseillería de Traballo”, etc., porque o galego seica é complicadísimo!

En fin, compañeiros e veciños, ánimovos á lectura pracenteira desta pequena xoia e, logo, darlle pulo para compartila coa xente de ben, pois “queremos a nosa lingua como queremos os nosos pais ou os nosos fillos: porque son nosos, e abonda”. (páx.6)

Agustín Pena Herva



aparcadoiros de borde de Santiago SANTA MARTA • SALGUEIRIÑOS

Estacione con comodidade a poucos minutos do centro
Tarifas reducidas • Enlaces co transporte urbano

com Postela é mobilidade



aparcadoiro de borde de SANTA MARTA

Atópase na zona sur, na entrada da cidade pola estrada N 550, logo de pasar a ponte da Rocha en dirección a Santiago. Idóneo para acceder ao hospital Clínico, á zona da praza Roxa, campus Sur, zona de Conxo, etc.

Vehículos que poden estacionar:

vehículos en xeral con PMA menor de 3500 kg.

Horario:

de luns a venres laborables, de 7.30 a 22.30 horas e os sábados laborables de 7.30 a 14.30 horas.

Liñas de transporte urbano que conectan co centro da cidade:

liña 1, liña 2, liña C2 e liña C4.

TUSSA

Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago



aparcadoiro de borde de SALGUEIRIÑOS

Atópase na zona norte, na entrada da cidade pola estrada N 550 en dirección a Santiago dende A Coruña. Recomendable para acceder á zona de San Caetano, ao campus Norte, ao centro monumental, Fontiñas, etc.

Vehículos que poden estacionar:

turismos, autocaravanas, autobuses, microbuses e camiós

Horario:

todos os días, de 8.00 a 20.00 horas.

Liñas de transporte urbano que conectan co centro da cidade:

liña 1.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**



Compostela 2010

SANTIAGO ABRE AS PORTAS AO XACOBEO



Presume de **Compostela**



CONCELLO DE
SANTIAGO